

FARO DA CULTURA

nº 205 • Xoves, 3 de maio de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena

Non é casualidade que boa parte dos bens declarados patrimonio da Humanidade pola UNESCO sexan edificios ou conxuntos deles, como acontece no caso de Santiago de Compostela ou Toledo. Poucas destas construcións singulares teñen unha finalidade utilitaria masiva agás as igrexas e catedrais. Conforman excepcións á regra, por citar algunhas, o Hospital de Sant Pau, o Palau de la Música ou a casa da Pedrera: un centro sanitario, unha sala de concertos con ocupación diaria e unha inmoible veciñal. Non cabe dúbida, pois, que a arquitectura é a actividade humana que desperta máis admiración.

E isto é así desde sempre. Xa no Neolítico o home era consciente de perdurabilidade das construcións. Velái as mámoas, as navetas ou templos como o de Stonehenge. Na cavilación greco-latina os templos convocaban os fieis da deidade a quen estaban dedicados. Tradición que continuou o cristianismo erguendo ermidas, santuarios, mosteiros, igrexas e catedrais. Véxase, entón, o camiño de Santiago, o gótico francés, as cúpulas de Florencia ou San Pedro de Roma.

Da arquitectura mediática

JOAQUIM VENTURA

Hoxe a Igrexa xa non constrúe: a cota de templos está practicamente cuberta e certos excesos resultarían pouco correctos. Son os políticos os que erguen agora os novos monumentos que abraian a humanidade. E, como sucedeu no Renacemento e no Barroco, os arquitectos que os deseñan forman parte do star-system. Se antes foron Miguel Anxo Buonarotti, Bernini, Herrera, Churriguera ou o galego Casas e Novoa, no comezo do século XX foron Gaudí, Le Corbusier, Gropius, Mies van der Rohe, Lloyd Wright, Speer, Sert e tantos outros. Mais a obras destes arquitectos, incluso os máis vinculados a reximes ditatoriais, tiñan unha funcionalidade concreta: edifi-

cios privados, de oficinas, hoteis, salas multiusos...

Nos nosos días os políticos rivalizan para contratar, como se fosen estrelas do rock ou do

deporte, os arquitectos de sona para lles construíren algo, o que sexa. A consecuencia é que o importante non é xa contido, senón o continente. Así, museos como o do CGAC comosteán de Álvaro Siza, o MACBA barcelonés

de Richard Meier ou o MUSAC en León son de iniciativa pública e tanto ten o que expoñan: o importante é o propio edificio. Moitos visitantes pagan a entrada por velo e esquecen as exposicións.

Un caso distinto é o do Guggenheim bilbaino de Frank O. Gehry. A iniciativa privada, co concurso das administracións públicas e do patrocinio do sistema financeiro, fixo que visitar este museo se faga tanto polo edificio singular como pola calidades das exposicións. E, á maneira de París –renovada cada década de xeito que nos invita a revisitala–, o Museo Guggenheim foi capaz de reinventar Bilbao. Hoxe o turismo na capital biscaíña é unha das súas principais actividades económicas, cando hai uns anos ningún visitaba Bilbao por lecer.

Mais, no fondo, son máis os europeos que –visto o seu altísimo custo– a real utilidade. Así o ve o historiador e crítico de arquitectura británico William Curtis. Temos nos andeis das nosas librerías unha versión do seu xa clásico *A arquitectura moderna desde 1900*. Para Curtis, a arquitectura de vangarda dos anos vinte do século XX tiña unha vocación social. Hoxe, por contra, as grandes inmobiliarias transnacionais están prestas a finanzas a vontade das autoridades locais para poñer a súa cidade no mapa. E son eses edificios singulares –nada relevantes, doutra banda– os que dan valor engadido ás promocións das grandes inmobiliarias. Cita Curtis o caso do Fòrum e Diagonal Mar en Barcelona, ou a admiración de Livingstone, o alcalde londinense, polo caos urbanístico de Shanghai.

E eses gobernos locais son de dereitas ou de esquerdas, tanto ten. As promotoras ofertan espazo para decenas de miles de persoas e tiran o correspondente beneficio. Mais quen paga os servizos, apunta Curtis, son as administracións locais.

Estos novos arquitectos mediáticos (os Nouvel, Foster) ceden á megalomanía dos clientes, compañías multinacionais con frecuencia, que desexan “ser vistos” e para iso non dubidan en modificar o skyline dunha cidade ou en rachar a harmonía das zonas históricas. Ás veces, as vangardas de hoxe son unha simple coartada do capitalismo financeiro.



Edificios “Estrela”

✱ ENTREVISTA CO MÚSICO ABRAHAM BOBA / Páx. III

✱ MOSTRA: “A MEMORIA DO FUTURO” NO MARCO / Páx. VI

✱ SKARNIO: GALIZA POLOS CAMIÑOS DO SKA / Páx. VIII

A lectura do libro de Boris Cyrulnik, *De corpo e alma* –editado en castelán por Gedisa, 2007– e mais *La autoestima* (Espasa Calpe, 2007), de Rojas Marcos venos introducir, entre outras temáticas abordadas por ambos os autores, nun terreo nada, ou pouco, frecuentado pola psiquiatría tradicional como e o espazo da felicidade.

A noción de felicidade é recente; un invento do demo –dixo Flaubert– que extingue a angustia (Renard), que provoca a desdita cando non pode ser acadada (Fontenelle) e cuxas receitas deben atoparse na sociedade (Saint-Just) ou na química dos filtros de amor da Idade Media ou dos laboratorios

O catedrático de Psiquiatría da Universidade de Nova York, Luis Rojas Marcos, nunha conferencia no CLUB FARO.

FOTO: RICARDO GROBAS

Saint-Just politizou ese soño invocando “o dereito á felicidade”; cando a burguesía se desenvolveu, grazas ao comercio e á industria, o apartamento familiar chegou a ser o lugar da felicidade posible. No mundo exterior un sentía frío e fame, e as relacións humanas eran violentas.

Mais as palabras felicidade e infelicidade non son equivalentes de realidades físicas, son a súa representación. A ledicia dunha carencia é o que desencadea a felicidade do deleite, pois a mesma auga, bebida máis tarde, cando xa saciamos a sede, provocaranos unha sensación de desagrado. Unha presenza afectiva constante non soamente suprime o pracer dos reencontros, senón que, como

ñas. Estas sensacións asócianse facilmente pois a percepción dunha provoca a necesidade da outra. “Non me daba conta do feliz que era”, di alguén que acaba de sufrir unha desgraza. “Cría que o normal era o que a un o criaran así”, di o neno maltratado cando logra escapar ao sufrimento.

Un corpo no que a información recorrera sempre o circuito cara a desdita non permitiría que a persoa cobrase conciencia dela. Un medio no que soamente houbese felicidade levaría a experimentar un sentimento de oco, de non felicidade.

O sufrimento, que nos fai infelices, está asociado ao desexo que nos fai felices? O sistema nervioso constitúe, sobre o fio

Exercer e compartir

“A felicidade parece estar feita para ser exercida e compartida”, así comenta David G. Myers en *Na procura da felicidade* (1992). O termo “felicidade”, está certamente cargado de connotacións filosóficas, poéticas, moralistas e metafísicas. Mesmo Aristóteles remarcou que, se ben a felicidade é “o ben supremo da humanidade”, ninguén se pon de acordo sobre a súa natureza: “As opinións do vulgo están moi lonxe das dos sabios. Uns colocan a felicidade entre as cousas visibles que saltan aos ollos, como o pracer, a riqueza, os



farmacéuticos dos tempos modernos.

Pero tal felicidade nunca é completa. Por que, con tanta frecuencia, unha vaga dela provoca a angustia de perdela? Poderíamos incluso falar da felicidade como unha sensación difusa ao tempo de pensarmos que non hai felicidade sen nubes.

Como xa apuntamos, a idea de felicidade apareceu moi tarde, e durante moito tempo houbo que admitir que os lugares da felicidade non se atopaban na Terra. De feito tan só pasou a ser terrenal cando a Revolución Francesa fixo dela un programa político. Até o século XVII, apenas os aristócratas e algúns representantes da alta burguesía tiñan a posibilidade de esperar a felicidade. Durante séculos, unha casa con xardín simbolizou a felicidade privada, oculta e protexida da violencia social que xurdiría desde o momento en que se abría a porta. En 1789

Gusto de vivir

Da noción de Felicidade

CIPRIANO LUÍS JIMENEZ CASAS

acontece coa auga xa saciada a sede, remata por producir rexeitamento. O que sinala a sensación de alegría e felicidade extrema vén ser o ritmo, a pulsación, a alternancia? Para transformarse nun feito da conciencia, a felicidade debe acolarse coa desdita? Por que tantos desesperados provocan a súa propia desfeita esperando dar logo a felicidade? Por que tanta xente morta de aborrecemento corre serios riscos para sentirse viva? E por que algúns enredantes buscan a disputa, coa finalidade de crear algún acontecemento que leve un pouco de euforia as súas tristes existencias?

Anatomicamente, as vías da felicidade e infelicidade son veci-

da navalla, a guía que permite, por unha palabra, por un encontro, pasar dunha sensación dolorosa ao sentimento de felicidade, da angustia aos éxtases, como lles ocorre aos místicos; da desesperación a un arranque de risa nerviosa, como sucede ás veces, para desgusto de moitos, durante os enterros.

Sen sufrimento, poderíase amar? Sen angustia e sen perda afectiva, teríamos necesidade de seguridade? O mundo sería insulso e probablemente non sentiríamos o gusto de vivir. Unha ausencia, un obxecto perdido, crea exactamente as mesmas condicións de dor que unha parte ferida do corpo, tal como dicía, Freud.

honores, mentres que outros a sitúan noutra parte. A este desacordo hai que engadir que a opinión dun mesmo individuo varía substancialmente: se está enfermo, cre que é a saúde; se é pobre, cre que é a riqueza; e cando a persoa ignora tal concepto, limitase a admirar os que falan de felicidade en termos pomposos”.

Realmente a felicidade, está en consonancia con algo persoal, privado e subxectivo. Unha boa definición, tal como apunta Rojas Marcos sería: “satisfacción coa vida en xeral”. O termo felicidade remítenos a un estado de ánimo positivo e pracenteiro, un sentimento bastante estable de benestar que soe acompañar a idea de que a vida, en xeral, é satisfactoria, ten sentido e merece realmente a pena.

As persoas que teñen unha grande autoestima adoitan ser mellor valoradas polos demais, o que as obriga a manterse máis vinculadas ao grupo social co cal conviven. Desta forma, emprenen con optimismo proxectos socialmente construtivos e marcan metas e obxectivos alcanzables.

Os homes e mulleres de calquera idade que se gustan e aceptan a si mesmos adoitan sentirse razoablemente felices.

ENTREVISTA

Como e por que creou Vde. este alter ego chamado Abraham Boba?

-Estaba cun novo proxecto e había que nomealo dalgunha forma; ademais, ao ser algo de carácter persoal, apeteciame buscar un pseudónimo que fose un nome e un apelido, e Abraham Boba era un nome que levaba barallando dende hai tempo por moitos motivos, sobre todo porque ten un punto clásico e moderno á vez, masculino e feminino a un tempo; un pouco como dúas vertentes no mesmo vocábulo.

- O último proxecto do que formou parte foi *Belmonde*, un dúo instrumental. Agora, unha parte importante das cancións de Abraham Boba son as súas letras. Xurdiron como unha necesidade?

-Pois si, a verdade é que foi iso. Máis necesidade que novidade, porque eu xa escribira letras noutros proxectos, e sempre me gustou escribir, aínda que fose só para min. E nese momento si que foi un pouco cuestión de necesidade, de sacar adiante unha serie de cancións que tiña, moi persoais, e que cría que podían dar para presentalas dentro do novo proxecto.

- A crítica ten dito das súas letras que están na mellor tradición de artistas como Ray Davies ou Vainica Doble. Séntese identificado con esas referencias?

-Creo que a crítica, para que a xente tamén entenda por onde van un pouco os "tiros", aporta sempre algún punto de referencia. Neste caso déronse eses nomes que ti citas. Tampouco son artistas que eu siga, pero si que logo, ao escoitalos, pode que haxa algún punto en común. Con Vainica Doble coido que se pode semellar algún texto un pouco irónico e cunha certa dose de humor; e con Ray Davies, pois porque era unha persoa que tamén tiña o seu xeito de escribir sobre o que o rodeaba. Pero, vaia, creo que non deixa de ser unha forma de velo totalmente persoal. Eu estou influído por moitas cousas, si, pero en cuestión de letras, máis pola literatura ou o cine que pola propia música.

- Que literatura e que cine?

-Hai moitos nomes. Son cinéfilo en moitos xéneros, e o mesmo me pasa coa literatura, así que tampouco sabería dicir algo moi concreto que me marcasse totalmente. Non me gustaría destacar un nome por enriba doutro.

- Tamén teñen dito que segue o ronsel de xente como Leonard Cohen, Nick Cave ou Serge Gainsburg. Nótase cómodo con estas comparacións?

-Si, porque son artistas que me gustan. Mira, neste caso son puntos de referencia máis claros que os de antes. E son nomes de xente que son, e que foron, moi grandes, así que, gardando as distancias, alédome moito de que digan que podo ir por aí.

- O disco produciuno Vostede, xunto con Michel Martín e David López, ao vello estilo: acompañado dos seus músicos e tocando en directo no estudo de gravación. Por que elixiu esta forma de levalo a cabo?

-Porque é un xeito que propicia un ambiente para as cancións moi distinto á gravación por pistas, que é como se fai desde hai uns anos. Neste caso, ao ser unha música cunha base, ás veces, moi minimalista, apeteciame darlle ese sentido de trío tocando. Por iso gravamos baterías, piano, baixos e contrabaixos á vez. Logo engadímoslle o resto de instrumentos, pero si que buscaba que tivese a graza de cando tres persoas están tocando en directo, captar ese momento.



Abraham Boba

“Quixen que as miñas cancións fosen o máis sinceras e consecuentes co momento que estou a vivir”

Abraham Boba é o alter ego de David Cobas Pereiro, vigués afincado en Barcelona que, no álbum do mesmo nome, segue a senda elegante e melancólica de grandes crooners como Leonard Cohen ou Serge Gainsburg desde un monllo de cancións nas que se respiran aires de swing, jazz ou pop de autor

NATALIA ÁLVAREZ

- Soa entón moi parecido aos seus concertos?

-Así é. De feito, ao contrario do que, se cadra, fixera nalgúns proxectos anteriores, non me apetecía levar a gravación a un terreo que logo, en directo, tivese que transformar moito ou non puidese defender. Quería que ao público que asiste a un concerto non lle quedase a sensación de que o disco está por enriba e que o directo queda curto. E nos concertos que fixen até o de agora, as reaccións foron máis ben as contrarias: que o directo ten mesmo un anaco máis de graza que o disco. Faise máis intenso xa que, aínda que sexa menos formación -só é unha batería, un piano, un baixo e unha viola, non hai un violoncello ou dous violíns como na gravación-, esa intensidade gáñase con outros matices.

- Contou con Pablo Magariños na batería e percusións e Ricardo Díaz no contrabaixo e o baixo eléctrico. Como formou o trío?

-Son dous músicos que atopei en Barcelona tras buscar bastante. Todos os instrumentos escribíraos eu na casa, por iso á hora de procurar instrumentistas que puidesen gravar o que eu quería, necesitaba xente con experiencia e formación; non me servía calquera. Pablo e Ricardo veñen do mundo do jazz e a verdade é que foi estuendo gravar con eles.

- Tamén contou coa colaboración de Coque Azcona, nos coros, e Nacho Mastretta, no clarinete, de Tirada Nacional. Como contactou con eles?

-Coque Azcona, que ademais foi a encargada do deseño do disco, gravara os coros nas maquetas, e non sentín a necesidade de chamar a ninguén máis, porque me gustaba como estaban. E a colaboración de Mastretta xurdiu a través de Michel Martín, que o coñece persoalmente desde hai anos. Doutra parte, eu tamén o coñecía desde Belmonde, porque estábamos no mesmo selo. Prestouse a vir, gravar o clarinete, e foi estuendo.

- Como veu sendo até agora a acollida por parte do público nos seus concertos?

-Moi boa, tanto nos concertos en Barcelona como en Vigo. É un pouco o que che dicía antes: a xente nota que o disco non perde en directo, senón, máis ben, todo o contrario, gaña matices.

- Conta cun myspace en Internet (www.myspace.com/abrahamboba) Que vantaxes lle aporta esta ferramenta?

-Sobre todo como promoción; é un punto máis de información para a xente á que lle interesa o proxecto. Hoxe en día o acceso a Internet é practicamente total para todo o mundo, ou polo menos para todos aqueles que se vaian interesar por esta música, así que, se alguén escoltou o nome ou viu as marabillosas referencias que apareceron na prensa [risos] e lle entra curiosidade polo proxecto, poden ir e escoitar catro cancións que hai penduradas, ademais de información sobre os concertos, etc.

- Vai continuar en próximos traballos por esta liña intimista e de pop de autor?

-Vou seguir na liña que me marque o que me saia de forma natural en cada momento, que é o plantexamento que seguí para facer estas cancións: xa que son un proxecto persoal, que sexan o máis sinceras e consecuentes co momento que estou vivindo. Agora estou facendo cancións novas de cara ao segundo disco, que aínda tardará porque este acaba de saír. E pode que haxa lixeiros cambios de matices quizais. Ou non... A verdade é que non o sei aínda.

Sabedoría popular

Con prólogo de José Luis Hernández Mañas e ilustracións que chegan da man de Xosé Lois Rivade e E. Mateo, a editorial Ir Indo vén de publicar o presente volume, *O viño, a viña e a bodega*, orixinal de Edelmiro L. Mateo García. Estamos diante da obra de alguén nacido nas terras de Verín en 1963 e que, desde neno, sentiu a chamada da semente musical. Licenciado en Filosofía e diplomado en Pedagogía pola Universidade de Salamanca, E.L. Mateo García dirixiu a Coral de Verín, a Coral Cadea de Viana e tamén o grupo de acordeóns Sons de Mestreiro que el mesmo fundou. Membro dunha familia con tradición vitivinícola vén de dar ao prelo, entón, a obra que hoxe recensionamos nestas páxinas.

Estamos diante, polo tanto, dun traballo que considera o viño como “parte substancial e inalienable do noso ‘im�inario social’, dos nosos mitos fundadores”. Polo tanto, o viño non pode reducirse a simple ciencia nin a mera economía. Nunha xeira na que o “políticamente correcto” cobra especial carta de natureza, traballo como o presente ad-



qui-
ren a ver-
dadeira di-
mensión de “ar
fresco”; é dicir, a con-
ciencia de que o que re-
almente existe non é unha
pretendida “cultura do vi-
ño” –tampouco podemos

Na arte do deus Baco

LUCÍA SEOANE

falar
dunha “cultura
da poesía”, por exemplo,
senón dunha expresión

cultural que vén ser o resultado dunha evolución histórica das relacións entre as sociedades humanas. Velaí, polo tanto, o punto esencial de partida para poder comprender realmente o propósito do autor: símbolo profundo do propio devir humano e noticia dun sentir colectivo que se transmite a través dos séculos en diferentes manifestacións, sexan estas pictóricas, literarias, musicais...

Desta maneira, os apatados “Coplas”, “Cancións”, “Letras”, “Literatura”, “Refráns”, “A viña”, “A bodega”, “Proverbios”, “Fraseoloxía” e “Humor” veñen dar conta, ao cabo, do variado e rico espazo onde se desenvolven as perspectivas da tradición vinícola; un espazo do que E.L. Mateo García dá cumprida relación. Estamos, entón, diante dun volum que é necesario ler e degustar amodo, sen présas; como o propio viño que propicia as páxinas que o compoñen. Como todo o fermoso val de Monterrei, finalmente, que lle dá lugar e tempo de nacencia. Brindemos.

MATEO GARCÍA, Edelmiro L., *O viño, a viña e a bodega*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2007, 308 páxinas.

Prosa cotiá

As marxas de Carlos Casares

MARGA ROMERO

A Editorial Galaxia continúa coa publicación dentro da colección que leva o seu nome da obra xornalística do que fora o seu director, o escritor Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002); os novos volumes III e IV correspóndense cos artigos publicados durante os anos 1994 e 1995 respectivamente. Desde 1992, escribía Carlos Casares en *La Voz de Galicia* unha columna que se habería de converter nun espazo propio e diario baixo o título de *Á Marxe*. Ás columnas de Carlos Casares dirixíanse a moitos lectores e lectoras atrapados polo dominio do relato do bo contador de historias que non deixaba de lado as técnicas do relato oral. Agora a editorial acerta coa publicación destas columnas, perfectamente datadas, por unha banda, –reúnen todos estes artigos, o que facilitará o estudo do autor– e, por outra parte, redescóbrenos ao Carlos Casares cultivador do xénero xornalístico e nalgunhas ocasións ao escritor que se mergulla nun xénero narrativo menor que continuaría o maxisterio das “Cousas” de Castelao en fermosas estampas como “Un home e unha muller” ou “Un velliño que coñecía a verdade” ou “Un can pequeno”, relatos nos que o autor entronca coa mellor tradición litera-

ria e desde os que nos asombra nos eses remates. Sempre é un pracer detérmolos en pequenos textos que nos devolven os días do pasado máis inmediato, neste caso o ano 1995, que nos levan a pensar, por exemplo, onde andabamos nós o día que Carlos Casares visitaba o cemiterio de Montparnasse e lle facía unha homenaxe a Alfred Dreyfus, ou o día no que “aproveitando o descanso” abandonaba a feira do libro de Bolonia, e en Rimini toma un café no Gran Hotel, onde se filmou *Amarcord*. Casares escribe desde os lugares que vai visitando e ofrécenos imaxes inéditas, outras ábrenos o seu lugar máis íntimo para falarnos de “Unha caixa de color verde”, un regalo que lle fixo alguén que o quere ben. Particularmente gústame ler a obra xornalística reunida, penso nos artigos de Rafael Dieste de *Entre a terra e o ceo*, nos asinados co nome de Adosinda Areses, nos *Anacos* de Borobó ou nos de Luisa Villalta, Libro das columnas, libros que nos mostran a conciencia da escrita, a sociedade que se habita e a construción dun proxecto. *Á Marxe* de Carlos Casares contén unha grande dose de humor e ironía, esa que ás veces non acertamos a ver no día a día, e que el converte en especial pola maxia do oficio, amante da literatura oral e dos libros, eses tan fermosos que nos obrigan a que os roubemos nas feiras do libro.

CASARES, Carlos, *Á marxe*, 1995, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 377 páxinas.



Lene son

Amor e Desamor

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Temos nas nosas mans un libro de pequena fasquía e suave título: *O son máis lene* editado por Nova Galicia Edicións e da autoría de Rosa Llorente.

Trátase dun conxunto de quince relatos breves introducidos por unha fotografía de tema mariño en branco e negro da propia autora e que conforman un volume de noventa páxinas.

Aínda que pouco sabemos da autora, adiviñamos un bo facer neste conxunto de contos de prosa poética moitas veces e inzados de tenrura e melancolía nos que sobrancea sobre todo unha especial sensibilidade cara a muller, ben sexa como protagonista ou voz dos relatos, ben sexa porque o eixo temático é a súa



ausencia. Son as máis das veces mulleres ás que un suceso de infancia marcou o seu destino posterior: Deolinda, obxecto sexual de todos, que coñece o amor e non lle permiten vivilo, A Olla, muller atrapada na súa propia xenreira, a muller que lembra un vello amor, a que o encontra logo de anos e págalle por facelo, a nena exemplar que esperta ao amor e rebélase contra esa infancia de nena boa, a que vai recoller os fillos ao actual niño do seu ex, a que na madurez trata de atrapar a beleza e pensa que é Marilyn e que nos deixa un sorriso agriado nos beizos.

Mentres, os relatos de protagonismo masculino

tratan de homes que se procuran a si mesmos, que ensaian diante do espello xeitos de ser e comportarse, homes que procuran o último belisco antes de morrer, e homes a quen a morte das súas donas deixa sumidos na soledade e desconsolo. A dor, a incomunicación, a fuxida, a procura, a rabia, o paso do tempo, a morte, o desamparo, son os temas que pairan sobre todas as páxinas.

Formalmente, os relatos son de diversa fasquía, case todos escritos en pasado ou que nos remiten a el, en segunda e terceira persoas, en voz masculina ou feminina, a xeito epistolar, monólogos, con poucas referencias espaciais: o cuarto de hospital, a consulta de dentista, Bos Aires, a aldea.

Un libro no que o campo semántico que máis abunda é aquel das palabras de amor, desamor e orfandade.

LLORENTE, Rosa, *O son máis lene*, Ed. Nova Galicia, Vigo, 2007, 90 páxinas.

LIBROS

Acerto expresivo

En clave de crónica

ROMÁN RAÑA

Temos nas nosas mans un libro excepcional. Trátase de *Crónica persoal -poesía completa 1973-2002-* de Xoán-Manuel Casado (Barcelona, 1942-2002), publicado agora polo esforzo recuperador do Pen Clube galego. A súa poesía non tivo a fortuna que merecía. Conxugáronse na súa contra varias circunstancias que contribuíron ao seu case absoluto esquecemento. En primeiro lugar por ser un escritor periférico, afincado en Barcelona, lonxe dos círculos culturais do país. En segundo lugar, os seus textos foron publi-

bindo a súa poesía desde as alturas, perdendo ás veces o contacto coa terra e coas persoas.

No medio deste barullo mediático, os poetas non adscritos a ningún círculo concreto, como era o caso de Xoán-Manuel Casado, pasaron practicamente desapercibidos. Por iso, cando apareceu *Rexistro de menores espantos* (1973), o escaso público lector non saboreou esta poesía puntillosa, sabia metricamente, elaborada como un fino licor, con ironía, como o desexo subterráneo que abrolla no primeiro poema ou como a recreación de Cortázar en "Policíaco". No seu segundo poemario, *Os prelu-*

fica, solemne, mais emotiva: "Eu percorro os meus pasos que percorren/un camiño comigo no final,/eu son a miña sombra, o desvestido/furor de ser que estoura na mañá". Neste magma variopinto tamén caben poemas míticos, como o magnífico "Negación do prodixio".

A súa obra seguinte (pois *Ladañas no serán* é un opúsculo) é *Libro de Caldelas* (1982). Trátase do máis fogoso e directamente emotivo dos seus libros. A patria son a terra e os mortos, dicía Cunqueiro. O noso poeta repite esta máxima exaltado polo torrón nativo, con fermosísimas pezas dedicadas á familia de defuntos familiares. Conviven con este esplendor das emocións pezas menores, "Manual do xogador de tute", louvanzas a persoeiros ilustres e un máis que interesante "Unha visita ao museo", magnífico retrato dun amor clandestino.

FONDA
MUSICALIDADE
E ACERTOS
EXPRESIVOS
DESDE UN

CANTO CREPUSCULAR

Antigo futuro (1986) afonda na madurez do escritor. Detectamos as pegadas de Gil de Biedma, de Gabriel Ferrater, da chamada poesía da experiencia. É insensato pensar que poidamos aplicar aos poetas etiquetas simplistas. O discurso narrativo de Xoán-Manuel Casado está perpassado polos dons da súa musa: fondísima musicalidade, acerto expresivo, mais tamén un pouco de fatiga e desencanto, un canto crepuscular enchido dunha nostalgia avasalladora. Para gozo do lector, o volume complétese con algúns proxectos de poemarios inéditos. De todo isto dá cumprida conta o documentado prólogo de Xesús González Gómez. Eu prefiro lembrar ao Xoán-Manuel Casado da exultación, o que eterniza as ruínas cando di: "e eu digo tren e cambio de preguntas/e son intransferiblemente alegre".

CASADO, Xoán-Manuel, *Crónica persoal. Poesía completa 1973-2002*, Ed. Pen Clube, Santiago, 2006, 471 páxinas.

Paixón e Soño

Celtismo popular /Celtismo histórico

MARUXA GESTOSO ÁLVAREZ

Chega ás nosas mans *Da arqueoloxía ao soño popular. A deconstrución da Paixón Céltica* (Editorial Toxosoutos, 2007), Traballo de Investigación de Doutorado, da historiadora Ana Ibarra Jiménez. A obra fai un percurso ao redor do concepto celta, desde as primeiras preocupacións historiográficas aló polos séculos XVI e XVII deica aos da divulgación e mesmo merchandising á que se ve sometida actualmente a noción de celtismo.

A obra presenta aportacións interesantes ó tentar descubrir que hai e que non hai de histórico na visión idealizada que existe sobre os celtas no noso imaxinario colectivo. O estudo é precisamente unha crítica a esa visión co fin de pór de manifesto unha serie de equívocos -intencionados ou non- creados en función de determinados intereses e mantidos ao longo do tempo.

Para iso Ana Ibarra acode a tres ámbitos de análise: o estudo historiográfico; a imaxe dos celtas proposta na educación escolar; e finalmente o que ela chama o horizonte divulgativo actual.

As primeiras achegas sobre os celtas dátanse nos séculos XVI e XVII con dúas liñas de investigación: dunha banda as fontes clásicas e doutra a investigación lin-


CELTISMO,
CONVERTIDO EN
ETIQUETA
COMERCIAL, É
AGORA MESMO UN
VALOR EN AUXE

güística. No século XIX os celtas son recollidos como símbolo do nacionalismo, que busca un fio condutor que enlázase ós pobos prerromanos coas nacións do presente. Na actualidade existen tres posicións: as dos que manteñen o enfoque tradicional que mantén a existencia dunha cultura céltica homoxénea; a dos que rexeitan o concepto de celta como unha invención artificial; e a dos que pretenden unha aproximación crítica ao concepto.

O papel dos celtas na educación escolar española desde 1858 ata a actualidade constitúe a segunda parada. A partir do estudo dos libros de texto, e fixándose tanto na letra como nas ilustracións, asistimos a un interesante repaso que nos leva a ter presente que se nos ensina sobre os celtas. Desde a onnipresencia de Túbal a principios do século XX; pasando pola imaxe franquista dos celtas como raza guerreira e salvaxe, a aparición dos Celtiberos ou a importancia de Numancia e Viriato; ata chegar ao Estado das Autonomías e a maior importancia que se lle dará á prehistoria nos libros didácticos. Como conclusión, asistimos a un maior

Os celtas son tratados nalgúns casos con máis fortuna histórica que noutros, pero en liñas xerais prima a visión comercial pouco fundamentada, acrítica e de moi escaso rigor. Os menhires de Obelix ou o monumento de Stonehenge, por citar dous dos máis coñecidos exemplos, continúan aparecendo asociados ás nosas imaxes celtistas a pesares de que a investigación histórica ten demostrado o contrario.

Deconstruír o concepto popular dos celtas é o obxectivo da obra, coma reza o subtítulo. O repaso das nosas imaxes colectivas, a procura das súas orixes e o desenmascaramento de determinadas manipulacións históricas é a tarefa realizada. O cel-



cados nunha época en que as poéticas se enfrontaban entre si dun modo belixerante. Ningún escritor pode fuxir do seu tempo histórico e o barcelonés viuse no medio de tiros cruzados: por un lado a lírica social, que só trataba temas relativos á emancipación dos explotados da terra; por outra, os Rompente, que rexeitaba toda escrita que non fose vangarda iconoclasta ao estilo de "matemos o sheriff King" e "ancha é Babilonia." E, enfronte, os poetas dos oitenta, escri-

di os (1980), a voz do poeta é máis madura e variada. Hai sonetos, poemas longos, epigramas, unha gama fermosa de sentimentos desparramados en acios de sabor inconfundíbel. Poesía minimalista, pero non mínima, apegada ao detalle, captadora do instante, reflexiva, frívola mais non banal, múltipla, mais chea dunha coherencia vital que a xusti-



rigor histórico, que non implica desaparición dalgúns dos vellos tópicos.

O terceiro ámbito de análise é o constituído pola información sobre os celtas que corre a cargo dos millares de libros de divulgación histórica, revistas, novelas, cómics, obras de contido esotérico, películas, documentais, páxinas de internet ou diferentes produtos do mer-

tismo convertido en etiqueta cultural e comercial é un valor en auxe. Será labor do historiador ofrecer a base documental para lograr un certo rigor científico.

IBARRA JIMÉNEZ, Ana, *Da arqueoloxía ao soño popular*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2007, 289 páxinas.

A mostra *Documentos. A memoria do futuro*, que presenta o MARCO até o 24 de xuño, desenvolve en base á obra de nove artistas contemporáneos a relación entre a imaxe e a historia, co ambiguo territorio do seu carácter artístico como elo, como enlace, que permite a abertura semántica das pezas.

A historicidade da arte é unha evidencia no noso contexto cultural; cómpre

producir e que nos permite reconecer aspectos deste contexto e integrar a imaxe nel.

Por outra banda, as obras evidencian que non existen testemuñas inocentes, que a ollada é sempre

unha posición, o que fai que teñamos sempre que abalar perante estas obras entre a prevención a

respecto do seu carácter puramente documental, e a súa subxectiva condición artística. Non esquezamos o valor da imaxe ligada a conceptos como adoutramento, poder, culto, etc..., o que nos fai lembrar o aserto de Lewis Hine, que cita Peter Burke no seu libro *Eyewitnessing. The Uses of Images as Historical Evidence* ("Testemuñando. O uso das imaxes como documento histórico"): "Aínda que as fotografías



FOTOS: ELI REGUEIRA

lembrar que a cultura occidental ten como alicerce un pensamento lineal, que parte do concepto de que existe un principio e un final –alfa e omega-, co seu desenvolvemento temporal. Consonante con esta visión, no pasado, a arte era fundamentalmente un reflexo da "historia", da Historia con maiúsculas que era a historia da salvación, co seu principio na creación e o seu remate futuro no xuízo final.

Tornando a *Documentos. A memoria do futuro*, debemos sinalar que a comisaria Rosa Olivares parte da evidencia de que todo en arte está relativamente repetido e de que a historicidade, o contexto cultural, é determinante para a comprensión da obra. Neste sentido pretende definir algunhas relacións entre as artes visuais e mais a historia, entendendo que a primeira pode iluminar a segunda e viceversa.

As obras coas que desenvolve esta idea son, xa que logo, ao tempo obras artísticas e documentos, pero que non son simples reflexos obxectivos dun espazo e dun tempo pretérito –o tempo é sempre pasado cando é fixado en imaxes-, senón que fan parte dun determinado contexto cultural que os

As obras presentes na mostra ofrecen un abano de posibilidades documentais, mais tamén das súas trampas. Temos pezas, como a instalación de Ann-Sofi Sidén *Codex*, que remite á historia das mentalidades, cos seus rexistros xudiciais e tormentos femininos; trátase dunha historia reconstruída e escenificada na que cataloga tipoloxías de delitos que historicamente só se atribúen a mulleres, tales como a bruxaría, a prostitución, ou o aborto. Delitos de muller que exemplifica en casos singulares da historia do seu país, e que pon en escena en branco e negro nunhas imaxes que son como ilustracións, acompañadas de textos explicativos de cada caso; historias legais de xuízos e condenas que se perden nunha memoria que

mestura a realidade e o mito. A vida cotiá e os seus valores presentase en obras como *Documenta Niagara Falls* de Alec Soth ou *Autour du monde* de

Un amplo abano

Jacques Fournel, achegándose con ironía a novos (vellos) hábitos de consumo, ao turismo tóxico e a posibilidade de protagonizar cada quen a súa propia historia.

A pegada das orixes de Blenda y Rosa ou as ruínas de Afganistán de Brian Mckee e a violencia do

Libano de The Atlas Group/Walid Raad permiten enxergar variacións sobre o documentalismo fotográfico, que se afasta do máis convencional.

Outro aspecto de enorme interese representado na mostra é o uso da tradición oral nos vídeos de Juan Manuel Echevarría que en *Bocas de ceniza* combina a referencia á oralidade e o testemuño do terror en Colombia.

Finalmente, a análise sociolóxica domina na obra de Sebastián Friedman na súa serie de fotografías *Familia y doméstica* e tamén na de Luc Delahaye co seu achegamento á realidade cunha ollada que semella derivar da grande pintura de historia, unindo documento e tradición nunha imaxinería de forte impacto visual.

Arqueoloxías da memoria

CARLOS L. BERNÁRDEZ

Arte e Documento

non menten, os mentireiros poden facer fotografías?

A comisaria xoga coa suxestiva idea de que as imaxes da mostra son anacos de nós mesmos, dun mundo en perpetua destrución e recomposición, prontos para que os futuros arqueólogos cataloguen fragmentos da historia dun mundo arruinado e escanstrado no que os seres humanos están igual de obxectualizados que os propios restos, pero ao tempo aínda nos permiten mergullarnos nas claves da súa conduta.

Documentos. A memoria do futuro, pois, funciona como un relato que empregase a técnica do enfoque múltiple, permitindo percibir o desarraigo, o conflito, a soidade, o trauma, mais tamén os sistemas de valores, as crenzas, a esencia da sociabilidade e da nosa existencia. Para levar a cabo este propósito, a exposición reúne un total de 78 obras, entre fotografías (Bleda y Rosa, Luc Delahaye, Jacques Fournel, Sebastián Friedman, Brian Mckee, Alec Soth), vídeos (Juan Manuel Echevarría), impresións dixitais (The Atlas Group/Walid Raad), e unha instalación de Ann-Sofi Sidén.

Linguaxe doada

As historias na que os animais son protagonistas resultan sempre atractivas, sobre todo, cando o público ao que van dirixidas son os primeiros lectores que perciben a relación co que os rodea practicamente de igualdade: dirixense ao seu moneco preferido da mesma forma que o fan cun amigo ou coa mascota, por iso non é estrano para eles que unha abella pense, que a raíña da colmea amoeste ás súas súbditas ou que as compañeiras de enxame choren a desaparición dun membro que polas súas características ameniza as súas vidas.

A abella Fedella é a protagonista do conto que leva por título *A abella na orella da ovella* e que narra o incidente que o pequeno insecto de ás membranosas sofre a causa da súa, ata agora descoñecida, falta de visión e que a leva a meterse na orella dunha ovella en vez de facelo nunha azucena. As dificultades que atopa para saír farana reflexionar acerca da súa condición de abella, o seu desatino na procura de alimento obrigara a ter que dar serias explicacións, a súa falta de control inquietará ás compañei-

*De abellas
e de ovellas*

MARÍA NAVARRO



ras..., mais o seu espírito aventureiro marcará inevitablemente o seu destino.

Ofrecer a posibilidade de establecer unha sorte de vínculo co mundo animal a través da literatura resulta sempre enriquecedor e sustenta un dos valores fundamentais que todo ser humano debería ter presente como é o do respecto polos seres vivos sexa cal sexa a súa condición, porque diso depende o benestar do planeta: nada nos debe parecer insignificante, porque practicamente todo contribúe ao equilibrio natural indispensable para a vida. Ademais, e en clave literaria, todos os seres vivos senten e padecen e só por iso convénnos actuar humanitariamente. Quizais se dende pequenos os rapaces perciben a importancia deste valor, medrarán convencidos de que o respecto debe formar parte da súa práctica habitual na relación co outro e co medio.

Un curioso xogo de palabras no título, o emprego de estruturas sintácticas sinxelas e unha linguaxe doada e coidada súmanse á simpática temática para proporcionar ao lector un atractivo volume.

LÓPEZ RODRÍGUEZ, Xavier, *A abella na orella da ovella* (ilustr. Marta Tivera Ferner), Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2007, 44 páxinas.

Narrar humor

As historias cargadas dunha dose importante de humor, que conseguen o sorriso do lector grazas, en moitas ocasións, a situacións inverosímiles cheas de acontecementos simpáticos, os cales nun primeiro intre se presentan como normais aínda que pouco a pouco van tendo un desenvolvemento dirixido a facer pasar un tempo agradable a quen le, son unhas das preferidas polo público máis novo. Deste xeito, eses trazos humorísticos inciden e reforzan o concepto da lectura como un exercicio lúdico, nun intre en que o xogo ten unha importancia moi significativa, e contribúen a reforzar comportamentos positivos ao tempo que amenizan o exercicio lector, precisamente no momento en que moitas impresións lectoras poden ficar na mente dos nosos nenos e nenas, e poida que mesmo condicionar a súa relación posterior cos libros.

Así, Ursula Wölfel, coa intención de facer agrada a quen le, publicou en 1974 *Neunundzwanzig verrückte Geschichten* que agora vén de ser publicado por Kalandraka Editora, grazas á tradución de Susana Fernández de Gabriel e Frank Meyer, co título *29 historias disparatadas*.

*Variedade e
orixinalidade*

PAULA FERNÁNDEZ



É esta unha colectánea de historias curtas narradas con total naturalidade, aínda que en moitas ocasións presenten feitos tan estranos e inusuais que as afastan da realidade e desa espontaneidade na redacción e que nos fan atopar persoas convertidas en bonecos de neve logo de pasar horas discutindo se ir pola dereita ou pola esquerda, escritoras co récord mundial de afiadoras de lapis, pais que literalmente soben polas paredes, amas de casa que rouban porcallada doutras casas para ter máis que limpar na súa, unha muller hipocondriaca que somatiza todas as enfermidades que escoita e remata adquirindo unha que lle fai escarvar e cacarear ou mesmo un atracador que rematará tendo medo del mesmo ao se observar nun espello.

Estes relatos, á beira da abstracción plástica plasmada nas ilustracións de Neus Bruguera compostas a partir de figuras xeométricas, compoñen un volume caracterizado pola variedade e a orixinalidade das situacións protagonizadas por un variadísimo e escollido grupo de personaxes que levan o peso dunhas historias que, de seguro, provocarán o riso en moitos rapaces e rapazas.

WÖLFEL, Ursula, *29 historias disparatadas* (ilustr. Neus Bruguera), Kalandraka Editora, Pontevedra, 2007. 63 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Mulleres galegas

Aurora Marco

Edicións A Nosa Terra. 566 páxinas

Esta compilación recolle o labor das mulleres que exerceron as súas actividades na sociedade galega dende as orixes ata 1975. Tanto as nacidas en territorio galego como as de ascendencia galega (das comunidades de alén mar) ou as nacidas nese ámbito xeográfico pero con proxección na nosa terra. Obra pioneira

feita con intención globalizadora, este dicionario pretende catalogar o máximo posíbel de mulleres. O volume contén unhas 1.800 voces, ás que hai que engadir trece apéndices con centos de nomes doutras féminas que, polas súas actividades en diferentes campos, tamén mereceron ser consignadas nas súas páxinas.



María Mariño

María Pilar García Negro

Edicións Laivento. 85 páxinas

É a poesía de María Mariño (1907-1967) existencialista por antonomasia, como a que pioneiramente inaugurara o Manuel María de *Advento* (1954), o que acredita na literatura galega un alento criativo orixinal para os perpetuos contempladores do exterior, un estar *à la page*, que, unha vez máis,

pide clamorosamente unha análise dende dentro da especificidade da propia literatura galega, non a reboque das literaturas institucionalizadas do centro do sistema. O volume inclúe unha escolma "subxectiva e impresionista" que pode dar unha idea básica do quefacer poético de María Mariño.



A Pomba e o Degolado

Fina Casalderrey

Edicións Xerais. 172 páxinas

A André foron demasiadas cousas as que non lle tentado ben nos tres anos que leva no instituto, onde nun sequera pode refuxiarse no aseo para coller alento. Os recreos están tomados por Héctor Solla e Raúl Pernas, unha sorte de matóns clandestinos que lle fan a vida imposible a el e a súa compañeira Halima Atif. Por fortuna na casa, onde tamén se viven tempos moi difíciles, atopará acougo ás súas coitas facéndose cargo dos paxaros do seu avó e chateando, baixo o nick de "Degolado", con "Pomba", unha amiga cibernética que o axudará a descubrir que paga a pena confiar na xente.

neira Halima Atif. Por fortuna na casa, onde tamén se viven tempos moi difíciles, atopará acougo ás súas coitas facéndose cargo dos paxaros do seu avó e chateando, baixo o nick de "Degolado", con "Pomba", unha amiga cibernética que o axudará a descubrir que paga a pena confiar na xente.



O son das buguinas

Varios Autores

Edicións Xerais. 120 páxinas

Promovido por Implicadas/os no Desenvolvemento (IND), unha Organización Non Governamental (ONG) de cooperación ao desenvolvemento que actúa en Galicia para apoiar proxectos de desenvolvemento integral no sur da India e Etiopía, *O son das buguinas* é un produto editorial conformado por un libro de sete relatos

(ilustrado por Xulia Barros) e un DVD. O volume inclúe relatos de Marilar Aleixandre, An Alfaya, Fran Alonso, Rosa Aneiros, Agustín Fernández Paz, María Reimóndez e Dolores Ruíz. O DVD, preparado por Francisco Vila Barros, inclúe, entre outros, un documental sobre a labor de IND en Tiruchy (India) e Etiopía.



Na escena ska galega aparecen esta primavera dous traballos que van facer gozar os amantes desta música de raígames xamaicanas. Dúas bandas viguesas, os Transilvanians e mais os Skarnio, que veñen afortalar un estilo musical que en Galiza levaba varios anos sen nos ofrecer moitas sorpresas. Por unha banda, o pasado 21 de abril os Transilvanians presentaron o seu primeiro traballo discográfico na sala Iguana de Vigo perante máis de dúascentas persoas que ateigaron o local e que non deixaron de bailar ao son dunhas músicas que transitan polos vieiros máis clásicos do ska, rocksteady ou reggae. A banda viguesa, seguidores non só da música tradicional xamaicana, senón tamén do xénero de terror, a serie B e a ciencia-ficción, -feito que se manifesta con claridade na capa do disco-, son xunto aos Dandy Fever da Coruña o máis salientábel que ten aparecido no noso país neste eido musical nos últimos tempos, mais o feito de debutar coa gravación deste traballo, homónimo, - que entraron a gravar nos estudos Muu! de Vigo a finais do 2006, e de forma totalmente analóxica (como antano)-, non nos pode levar a falar dun fado de músicos con pouca experiencia, pois nas fileiras do grupo aparecen membros de varias formacións históricas da música viguesa: Dakidarría, Skacha, Sinistro Total, Os Resentidos, Skarnio ou Frangos, feito que lles permite presentar, malia a súa xuventude como banda, un directo de moita calidade. A súa estrea discográfica, cinco cancións que saíron editadas a principio deste ano en formato CD e EP polo selo El Ejecutor Records, é tamén unha boa mostra dos gustos e mais da calidade dos Transilvanians; grande importancia da parte instrumental, cunha sección de ventos senlleira sobre unha base ben estruturada, á que se engade, e non en todos os temas, a extraordinaria voz de Almudena Janeiro, para presentar un resultado final que arrecende á Xamaica dos anos cincuenta e sesenta, aos sound-systems de Clement Dodd ou Duke Reid, -do que inclúen no disco unha versión de "Moonlight Fever"-, e é que acaron das composicións propias, son temas de The Skatalites, Desmond Dekker, Phyllis Dillon, The Wailers ou John Holt...os que conforman o repertorio dos seus concertos, un percorrido polo son do ska máis enxebre, que han levar o vindeiro 19 de maio até Bueu, xunto a Dr. Calypso, e o 26 dese mes deica a Coruña.

E a outra grande novidade desta primavera é a presentación do terceiro disco de Skarnio, que ha saír á rúa a comezos de xuño. Despois d'*A filosofía de acción da guerrilla urbana* e de *Arredista*, chega *O noso camiño*, traballo de madurez desta banda nada no bairro do Calvario de Vigo, e que se ten convertido hoxe en día nunha formación "pangalai-

Polos camiños de Skarnio

DANIEL LAVESEDO



ca" con integrantes na Coruña, Vigo e Ourense. Ao falarmos deste grupo non podemos tan só abranguer o estritamente musical pois Skarnio, automeado colectivo político-musical, vai alén do simple divertimento musical para tentar influír e interaccionar coa sociedade galega en que se insire, dende uns posicionamentos independentistas. Isto reflíctese con claridade nas letras, moi traballadas, que de sempre veñen denunciando a situación social de Galiza e, nunha chiscadela ao

inter-nacionalismo, doutras sociedades e culturas esmagadas polo pensamento único. Mais o grupo soubo manter un equilibrio sutil entre a mensaxe e a calidade musical, sen que ningunha sobrancee, e isto faino aínda con máis rotondidade neste novo traballo, *O noso camiño*, un disco moi elaborado e maduro. A súa música segue

a soar a Skarnio, ska acelerado no que ás veces se insire o vagar do espírito máis xamaicano, mais si que amplían as súas influencias musicais chegando a rozar o swing nunha das cancións e como xa é de costume, no novo disco inclúen un tema folc a cargo de *Quempallou*, que xa colaborara en *Arredista* cunha versión do hino de Alfredo Brañas "Deus Fratesque Gallacia." Trece cortes onde abundan as colaboracións: Mini d'A Quenlla, Senem "Xenreira", Juantxo de Skalariak, ou as componentes de Batuko Tabanka, e que permiten consolidar a traxectoria da formación, a madurez do que vai camiño de se converter no mellor grupo galego de Ska.

Crónica dunha década

A presentación d'*O noso camiño*, producido por Pedro Feijoo (Muu! Estudios) e gravado nos estudos Area Master de Vigo e Océano Estudios de Nigrán por Xavier Abreu, chega no décimo aniversario de Skarnio, formación que se deu a coñecer coa súa colaboración no disco *Oito anos de sequestrados*. (Gralha, 1997) e que dous anos despois presentaría *A filosofía de acción da guerrilla urbana*, primeiro traballo que abalaba entre o ska e o raggamuffin e que conta con colaboracións de grupos skapunks vigueses como Skacha, Disturbio 77 ou Nen@s da Revolta. Despois de tres anos percorrendo o país a tocar por diversos locais e festivais, con saídas puntuais a outras partes da península, deron o salto definitivo cara á consolidación cando chegaron a un acordo co selo catalán Propaganda pel fet, co que editan *Arredista*, traballo onde definitivamente encamiñan o seu son cara ao ska, e nomeadamente cara a todo o novo que se estaba a facer nos anos noventa en Europa e América neste movemento musical, con ritmos máis acelerados ca no ska clásico, fusión co punk e incluso co hardcore, aínda que os Skarnio non seguiron, nin seguen, exclusivamente esta liña e dan cabida nos seus traballos a temas que proveñen sen discusión da sonoridade máis xamaicana e clásica. Este segundo traballo permitiulles tocar nun grande número de lugares, chegando a ser o primeiro grupo galego convidado a tocar no festival Antirracista & Antifascista! en Xenebra e indo tamén ao Festival Avante de Lisboa. Dez anos de experiencia musical que os ten levado a partillar escenario con músicos como Fermín Muguruza, Laurel Atkien, Banda Bassotti, Skalariak ou Obrint Pass e que os converteu nunha banda consolidada dentro do panorama estatal.

Galiza Ska